



9

Plan de trabajo X-MEN



Bos días rapazas e rapaces, Este documento explica o primeiro plan de traballo para este curso 2020-2021.

Tedes ganas de comezar?

Xa sabedes a temática, verdade? Claro que si, os X-MEN.

Explícovos en que consiste e así poderemos comezar.

Neste plan imos traballar Lingua galega, matemáticas, ciencias naturais e sociais, Lingua Castelá e plástica.

Son unha serie de exercicios para traballar de xeito individual, en equipo, ou entre toda a aula. Serán 4 partes, que o final de cada unha ten unha tarefa. Para o finalizar todos os exercicios crear un ecosistema.

Queremos que saibades que todos os cursos realizaredes unhas tarefas moi similares.

Tamén que a puntuación total desta tarefa é de **20 puntos**, e dicir que si sacades a metade = 10 puntos, teriades un 5 como nota do plan de traballo.

Pola presentación dos teus traballos e libreta, a letra ben feita e correcta, haberá unha puntuación extra de 0,5 puntos en todo o plan de traballo. Comezamos!

Parte 1:

Exercicio 1 :Tedes unha lectura para realizar en equipos, cada equipo debe realizala dúas veces e que todos os integrantes contesten as preguntas no caderno de **Lingua Galega** sobre o texto. Necesitaredes o dicionario.

Exercicio 2: será unha asemblea na que o mestre os propondrá un tema en relación coa lectura. Na asemblea todos debedes participar e, o finalizala, deberedes buscar información sobre o tema. Tranquilos, neste exercicio xa os guiará o mestre ou a mestra.

Exercicio 3: A primeira parte deberedes saber que diferencias hai entre unha epidemia e unha enfermidade, recolle ambas definición e un cadro comparativo na **libreta de C. Naturais** coa data e título.

Exercicio 4: Agora que xa sabemos un pouco máis sobre as epidemias e as enfermidades, deberedes coñecer se na vosa contorna (nais, pais, avoas, avós, titores, primas, amigos...) alguén coñece ou pasou outra epidemia ou enfermidade. Por iso, crear unha entrevista coma se foses un repoteiro, en equipo, para recoller algún dato máis sobre as enfermidades, para falar na asemblea do día seguinte.

Exercicio 5: Este é o primeiro produto que debedes presentar. Tedes que crear un recetario de enfermidades a partir do modelo de plantilla que teredes que pedirnos. Deberedes duplicar a folla modelo tantas veces como queirades, pero recordade que a lo menos cada persoa debe realizar a plantilla tres veces.

Polo tanto, se sodes 3 nun equipo, o voso recetario polo menos debe ser de 9 follas, pero si sodes 4?

Avaliación Parte 1	5 puntos	Avaliarase en:
Exercicio 1	1 puntos	Resposta de preguntas na libreta de Lingua Galega.
Exercicio 2	0,5 puntos	Observación e participación na asemblea.
Exercicio 3	0,5 puntos	Definicións na libreta de C. Naturais.
Exercicio 4:	1 punto	Participación na asemblea sobre enfermidades.
Exercicio 5	2 puntos	Recetario de equipo.

Parte 2

Exercicio 1: O texto que introduce esta tarefa recolle os termos clonación e a mutación. Busca cal é o seu significado e busca no dicionario as palabras en **negriña**. Recolle as definicións na libreta de **lingua galega**.

Exercicio 2: Porque foi de tanto interese a ovella Dolly? Busca no ordenador da aula co teu equipo ou noutro medio distintos exemplos de animais clonados. Logo crea distintas tarxetas con unha fotografía do animal clonado e o ano que se clonou, alo menos 2 por persoa, pero poden ser máis.

Exercicio 3: Debes coller a **libreta de matemáticas** e responder de xeito individual a pregunta “Cantos anos pasaron dende...?” con cada un dos animais clonados que busches. Engade a pregunta na libreta e resposta o problema. Exemplo: *Cantos anos pasaron dende que se clonou a ovella Dolly?*

Exercicio 4: É o momento de facer a exposición dos animais que elaboraches co teu equipo. Cada un exporá os seus e despois faremos unha posta en común co resto de equipos para eliminar os que estean repetidos.

Exercicio 5: Na ultima tarefa desta parte, debes facer unha liña do tempo entre toda a aula. Mediante un debate escolleremos o formato que queredes para a liña, colocaremos o ano no que estamos e veremos cal e a data máis lonxana para poder repartir as datas na liña de forma equitativa.

Avaliación Parte 2	5 puntos	Avaliarase en:
Exercicio 1	1 puntos	Definicións libreta e lingua galega
Exercicio 2:	1 puntos	Participación na elaboración de tarxetas.
Exercicio 3	1 puntos	Problemas na libreta de matemáticas.
Exercicio 4:	1 punto	Exposición oral.
Exercicio 5	1 puntos	Participación na liña do tempo en equipo.

Parte 3:

Exercicio 1: Observa e le a descrición sobre Lobezno

Exercicio 2: Veremos un anaco da filme e unhas follas de cómic, para que poidas escoller cal é o teu personaxe favorito. Cando xa coñezas cal é, deberas facer na libreta de **lingua castelá** a túa descrición como borrador. Despois terás que elaborala la plantilla que te daremos.

Exercicio 3: Debes facer a exposición desta personaxe na hora de asemblea, unha vez a teñas elaborada, sen mirar pola túa folla. Logo pega a folla la libreta de **lingua castelá**.

Exercicio 4: É momento de crear, polo que debes inventar unha nova personaxe, coas súas características, os seus poderes... Podedes empregar o mesmo modelo que utilizaches no exercicio 2. Tras facer isto, en grupo debedes comparar as vosas personaxes e completar o teu exercicio se é necesario. Logo pega a folla la libreta de **lingua castelá**.

Exercicio 5: Coas personaxes que creaches, deberedes construír unha historia entre toda a aula. Polo tanto, o mestre ou a mestra iran guiándoos para facer unha fermosa historia.

Exercicio 6: É o momento de crear o cómic coa historia que elaboramos, para iso, repartiremos a historia en partes. Cada equipo realizara unha folla por persoa, pero na que todas as persoas deben participar, e dicir, os membros do equipo deben participar en todas as follas.

Avaliación Parte 3	5 puntos	Avaliarase en:
Exercicio 1	0,5 puntos	Lectura e comprensión
Exercicio 2:	0,5 puntos	Descrición na libreta de Lingua Castelá
Exercicio 3	0,5 puntos	Exposición oral
Exercicio 4:	1 punto	Inventar personaxe na libreta de Lingua castelá.
Exercicio 5:	0,5 puntos	Participación na historia
Exercicio 6:	2 puntos	Participación no cómic.

Parte 4:

Exercicio 1: Debes contestar na libreta de **Ciencias Sociais**, a pregunta: Que ecosistemas encontras no texto?

Exercicio 2: Agora, busca que é un ecosistema. Que tipos de ecosistemas hai. Responde tamén na libreta de **Ciencias Sociais**. É unha actividade en grupo, compartide a información e debater a resposta correcta.

Exercicio 3: Cada equipo debe escoller 2 tipos de ecosistemas, os que máis lle gusten os seus compoñentes. Logo deberedes rechear

o modelo sobre a descrición de ecosistemas. O finalizar debatede cal dos dous os gusta máis.

Exercicio 4: Elaborar en equipo, o ecosistema que escolliches. Unha elaboración en equipo, que se exporá e elaboraremos un horario para que outras aulas podan ver o fermoso que nos quedou. Dálle nome e concreta as súas características.

Avaliación Parte 3	5 puntos	Avaliarase en:
Exercicio 1	-	
Exercicio 2:	0,5 puntos	Definición ecosistema na libreta de Sociais.
Exercicio 3	1 puntos	Descrición dos ecosistemas na plantilla
Exercicio 4:	2 punto	Creación do mini-mundo
	1,5 punto	Exposición do ambiente creado.

Cal será o mellor mini-mundo? Seredes capaz de explicarlle en que consiste?